



Contacto: [websdinamicas@edu.xunta.es](mailto:websdinamicas@edu.xunta.es)



Proxecto Webs Dinámicas por Consellería de Educación e O. U. - Xunta de Galicia está licenciado baixo unha Licenza Creative Commons Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España License.

Permisos máis alá do alcance desta licenza poden estar dispoñibles en <http://centros.edu.xunta.es/websdinamicas/?q=node/562>.

## Táboa de contidos

Definición do proxecto.....	3
Xustificación (antecedentes).....	4
Webs dinámicas - Web 2.0.....	6
Aplicacións seleccionadas.....	8
Desenvolvemento.....	10
Persoal implicado no desenvolvemento.....	13
Protocolo de solicitude-incorporación.....	14
Centros participantes.....	16
Actividade formativa.....	18
Resolución de incidencias.....	20
Necesidades futuras.....	22
Reflexiós finais.....	23

## Definición do proxecto

O proxecto Webs Dinámicas consiste na instalación no espazo web dos centros educativos públicos de Galicia dunha serie de ferramentas web listas para ser usadas directamente polos centros educativos e poder así dispoñer de:

- Portal Colaborativo Web do centro educativo.
- Aula virtual (*Entorno Virtual de Ensinanza e Aprendizaxe*)
- Galería de imaxes e vídeos.

Estas ferramentas web xa se instalan nos seus espazos cunha configuración básica, a partir da cal os centros poden personalizala á súa medida e partindo das súas necesidades.

Todas elas son ferramentas Web 2.0, o que implica que se trata de ferramentas colaborativas para participación directa da comunidade educativa do centro. Para poder participar do seu dinamismo non son necesarios coñecementos técnicos informáticos.

Directamente desde un navegador web (Mozilla Firefox, Internet Explorer,...) se van poder realizar as tarefas necesarias, tanto de publicación de noticias ou contidos, como da configuración destes espazos.

Os centros adscritos a este proxecto de Webs Dinámicas contan co asesoramento in-situ por parte do asesor de zona da Subdirección Xeral de Sistemas Informáticos para a posta en marcha destas ferramentas.

Os centros educativos desentenderanse das labores de mantemento, actualización e mellora destas ferramentas sendo asumida esta faceta pola propia Consellería de Educación a través da Subdirección Xeral de Sistemas Informáticos. Deste xeito o centro educativo pode destinar os seus recursos ao mantemento da información nos espazos correspondentes.

## Xustificación (antecedentes)

No ano 2003 a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ofertou uns premios aos centros educativos de Galicia coa finalidade de pontenciar o uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC): premios SIEGA.

Unha das modalidades ofertadas nesta convocatoria de premios SIEGA era o premio á páxinas web de centros. A participación neste apartado na súa primeira convocatoria foi moi significativa e practicamente logrouse o obxectivo de que case todos os centros educativos se animasen a elaborar a súa páxina web.

A creación destas páxinas web dos centros educativos foron froito do esforzo e sacrificio de moitos profesores que contaban cuns coñecementos elementais de deseño de páxinas web case sempre obtidos a partires de autoformación non regrada nin recoñecida. Outra característica moi frecuente era que as tarefas de creación da páxina web se realizaban normalmente desde os fogares en horario e con medios persoais.

Estas circunstancias provocaban por unha banda que as páxinas web creadas eran páxinas sinxelas (HTML) pero cun alto coste de mantemento e actualizacións. Cada vez que se necesitaba actualizar algún dato o proceso non era nin rápido nin intuitivo, xa que implicaba o coñecemento e uso de varias ferramentas para funcións específicas: edición da páxina no ordenador persoal, conexión co servidor de Internet, transferencia dos arquivos modificados...

Outra circuntacia que se xeraba era a desigualdade entre centros, coñecida como 'fenda dixital', xa que uns centros contaban dentro do seu cadro de persoal con profesores altamente cualificados, técnicos informáticos, mentres que na inmensa maioría non existían estes perfís. Isto provocaba entón a existencia de centros de diferentes categorías e que quedaban evidenciados no resultado da publicación das súas páxinas.

Outro factor a ter en conta é a mobilidade do profesorado. No momento en que o profesor/a responsable da web do centro causaba baixa no centro, por exemplo por participar no concurso de traslados, o mantemento e actualización

da súa web quedaba desatendida ou incluso abandonada.

Estas circunstancias e casuísticas tamén provocaban que varios centros optasen por contratar estes servizos de creación, mantemento, actualización e nalgúns casos de aloxamento a empresas. A parte do propio perxuício para o centro que optaba por esta solución polo gasto económico que lle supoñía, vólvesenos a presentar unha nova situación de 'fenda dixital' pois algúns centros, como é o caso dos CRA ou das escolas unitarias, non dispoñen de presuposto suficiente para poder contratar estes servizos.

Todos estes problemas e inconvincentes quedaron en evidencia cando dous anos máis tarde se revisaron as webs dos centros para poñer en marcha a terceira convocatoria a páxinas web. A pesar de todo o invertido por parte dos centros e dos seu profesorado na creación da web: tempo, esforzo, sacrificios persoais ou incluso cartos, dous anos máis tarde a información que presentaban estas webs quedara obsoleta, pois nun importante número de centros non volvera a ser actualizada, presentando entón unha infomación errónea e incompleta.

O obxectivo de potenciar o uso das TIC nos centros educativos dera un importante paso atás. Buscando solucións a todos estes problemas e tratando de darlle un sentido ás webs dos centros educativos xurde a finais de 2005 o proxecto Webs Dinámicas: proxecto de aplicacións dinámicas web 2.0 para os centros educativos. Un proxecto no que a información e os contidos cobran maior importancia, onde se ten en conta fundamentalmente o traballo colaborativo e o constructivismo.

Como primeira referencia presentouse nos o proxecto Fírgoa, espazo comunitario adicado á universidade pública, creado e mantido por dous profesores da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, onde se estaba empregando unha plataforma web 2.0, a cal permitía a publicación e edición en liña directamente desde Internet das noticias ou contidos aí publicados. Simplemente esta característica xa se nos presentaba cunha potencialidade enorme para que os centros solucionando así moitos dos problemas descritos.

## Webs dinámicas - Web 2.0

A popularización da Web 2.0 fixo posible que fose moi doado atopar ferramentas que puidesen satisfacer as necesidades dos centros educativos. A idea de partida era realizar unha preinstalación en cada un dos espazos web, que xa se viñan ofertando desde facía varios anos aos centros educativos de Galicia, de unha serie de aplicacións en contorno web que lle permitisen aos centros realizar un uso adecuado de Internet de cara a súa comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias fundamentalmente.

Estas ferramentas quedarían preparadas e listas para ser usadas directamente polos centros sen requirir por parte dos usuarios uns coñecementos informáticos, senon simplemente a nivel de usuario.

Os aspectos técnicos de instalación, configuración e mantemento rearía sobre a propia Consellería de Educación, a través dos asesores da Subdirección Xeral de Sistemas Informáticos.

Desde o primeiro momento tamén se apostou neste proxecto pola utilización de Software Libre. Así o coste para a propia Consellería sería moi baixo, incluso cero no referente á adquisición e adaptación das aplicacións empregadas.

Estas aplicacións tamén deberían de adaptarse á medidas de seguridade xa establecidas polos administradores do Servidor de Centros. Este servidor require unha medidas excepcionais precisamente por estar aberto á publicación directa no mesmo de contidos creados polo profesorado dos centros educativos, non esixíndose ningunha cualificación nin formación a estes para o seu uso e disfrute.

Como unha das finalidades ou obxetivos deste proxecto é potenciar o uso colaborativo dentro dun centro educativo, as ferramentas aportadas serían de carácter global, para o centro educativo, pero en ningún caso de uso individual ou exclusivo por parte do profesorado do centro.

Tamén estas ferramentas deberían de permitir a participación activa de toda a comunidade educativa, pero dunha forma controlada xa que todo o publicado

no espazo web oficial dun centro educativo ten unha responsabilidade que recae sobre a dirección do mesmo.

Todas estas necesidades se observaban cubertas a través de ferramentas Web 2.0. Tan só era necesario detectar aquelas que puideran satisfacer por unha banda as necesidades dun centro educativo e, por outra banda, que puideran ser instaladas e configuradas no servidor dispoñible na Consellería de Educación e O.U.

Aproveitando a circunstancia de que a sede dun dos asesores de zona estaba nas dependencias dun centro educativo, e este tiña a necesidade de renovar a súa páxina web feita facía máis dun ano, e se poñía á nosa enteira disposición para testear e configurar posibles ferramentas, xa tiñamos os ingredientes necesarios para iniciar o proxecto e así se fixo. En xaneiro de 2006 o asesor Siega da zona de Noia en colaboración co centro CEIP Alexandre Rodríguez Cadarso en coordinación cun asesor de Sistemas Informáticos iniciaron a detección de ferramentas web 2.0 para a elaboración da web educativa e colaborativa dun centro educativo, acompañada dunha galería de imaxes e unha aula virtual.

## Aplicacións seleccionadas

Para a selección das ferramentas que se empregarían no proxecto fíxose un estudo das diferentes posibilidades existentes no momento (xaneiro de 2006). Como primeira referencia para a creación do espazo web colaborativo do centro fixémonos en Drupal, Joomla, phpNuke, Typo3, Guppy e outras. Analizando as súas traxectorias de desenvolvemento así como as funcionalidades e, sobretudo, proxección de futuro determinouse empregar Drupal como punto de partida e tratar de comprobar se podía satisfacer todas as necesidades e requirimentos que lle pediría un centro educativo.

Para a selección da ferramenta de galería de imaxes tamén se analizaron e comprobaron varias opcións candidatas, sendo a primeira opción a ferramenta de Gallery2, pola súa sencillez de uso, pola integración na plataforma Drupal así como pola súa presenza gráfica. Esta opción tivemos que descartala xa que non cumpría todos os requisitos que se pedían en Sistemas Informáticos por razóns de seguridade. Entón tivemos que recurrir á segunda candidata que, a pesares de que non era tan interesante, si permitía realizar os mínimos necesarios para cubrir as necesidades dun centro educativo, e tamén cumpría cos requisitos de seguridade para poder ser instalada na Consellería de Educación.

Como terceira ferramenta buscábase unha aplicación que sería empregada para o aloxamento das páxinas e/ou recursos educativos, aqueles que ían estar a disposición directa do alumnado para a complementación, axuda ou reforzo da actividade realizada na aula. Para este fin o ideal era contar con un Entorno Virtual de Ensinanza e Aprendizaxe. Entre as diferentes opcións posibles analizaronse Moodle e Dokeos, decantándonos pola primeira delas entre outras características por ser unha das plataformas libres máis extendidas a nivel mundial, e en constante crecemento en todo tipo de institucións educativas, e tamén porque ía a ser a plataforma empregada pola propia Consellería de Educación para a realización da teleformación do profesorado. Deste xeito ao mesmo público, profesorado de Galicia, se lle ía a ofrecer a mesma ferramenta tanto para realizar a súa propia formación contínua como para poder empregar



co seu alumnado.

Unha cuarta ferramenta seleccionada na fase inicial do proxecto foi phpWebQuest. Esta ferramenta permitía a elaboración de páxinas web e respondía a unha metodoloxía didáctica en expansión entre a comunidade educativa mundial: **WebQuest**. Con esta ferramenta e en poucos pasos un docente sería capaz de realizar a súa páxina Web e tela publicada directamente en Internet baixo esta metodoloxía de traballo e investigación.

Máis tarde esta ferramenta non continuou no proxecto de Webs Dinámicas xa que a súa arquitectura presentaba problemas de seguridade. A Consellería de Educación e O.U. chegou a participar do desenrolo desta ferramenta en colaboración e co permiso correspondente do autor da mesma. Nesta colaboración conseguíuse mellorar as súas funcionalidades así como corrixir certos problemas de seguridade. Novamente foron descubertas novas vulnerabilidades leves que ata o momento non foron corrixidas, polo que na actualidade non se está incorporando aos centros que se suman a este proxecto.

# Desenvolvemento

A fase de desenvolvemento do proxecto podemos clasificala en varias fases:

## **Fase 1: Inicio - Xaneiro, 2006**

En xaneiro de 2006, do traballo de colaboración de dous asesores, Xosé Antonio Martínez Lista (asesor Siega da zona de Noia) e Xosé Luis Barreiro Cebey (asesor de Sistemas Informáticos da Consellería de Educación) xurde a posibilidade de iniciar unha experiencia cun centro educativo (CEIP Alexandre Rodríguez Cadarso, Noia) instalando no seu espazo web as aplicacións Drupal (web do centro) e Coppermine (galería de imaxes).

## **Fase 2: Posibilidade - Xuño, 2006**

Dado que o desenvolvemento do proxecto inicial foi valorado positivamente polo implicados, asesores e centro educativo, realizase unha presentación da experiencia ao resto de asesores Siega da Subdirección Xeral de Sistemas Informáticos da Consellería de Educación.

Iniciase un proceso de formación de asesores para tratar de extender o proxecto entre centros educativos de toda Galicia.

Realizase neste mes de xuño de 2006 unha participación dos asesores nunhas xornadas celebradas en Santiago de Compostela sobre o tema "A ciencia e os libros". Realizase unha presentación do proxecto onde se presenta o proxecto de "Webs dinámicas" como futurible e resultou ben recibido este anuncio entre o público asistente.

## **Fase 3: Ilusión - Setembro, 2006**

Unha vez formados os asesores Siega e co visto bo da Subdirección Xeral de Sistemas Informáticos, decídese extender o proxecto ata un máximo de 40 centros neste primeiro trimestre do ano (2 centros por asesor). A pesar do

número inicial considerouse que aquela asesoría que así o considerase podería acoller a algún centro máis.

#### **Fase 4: Confirmación - Decembro, 2006**

O número de centros que se suman ao proxecto supera amplamente os obxetivos e así contamos con máis de 60 centros educativos adscritos e as solicitudes aumentan día a día. Hai que ter en conta que non se realizou ningunha presentación oficial do proxecto ao algún outro tipo de comunicación que non fose o boca a boca entre o profesorado que empeza a coñecer o proxecto.

#### **Fase 5: A madurez - Abril, 2007**

Supérase a centena de centros participantes e chega o momento de realizar a actualización dos servidores que soportan as aplicacións do proxecto. Con algún problema que se soluciona conséguese saír victoriosos desta acutalización e finalmente a solidez do proxecto confirma a súa viabilidade así como a necesidade de crecemento.

#### **Fase 6: Unha realidade - Xullo, 2007**


Realízase a actualización das aplicacións Drupal, Moodle e Coppermine. Aínda que a actualización se realiza dun xeito 'artesanal' grazas a colaboración de todos os asesores Siega (cada asesor se encargaba de realizar a actualización dos centros da súa zona) as aplicacións quedan actualizadas sen maiores problemas. O número de centros participantes é superior a 170.

#### **Fase 7: Consolidación - Xullo, 2008**

Con máis de 450 centros participantes no proxecto, Formación do Profesorado asume a necesidade de formación regrada do profesorado.

## Fase 8: Actulidade - Maio, 2009

O número de centros participantes é de 670 e as dimensións e proxección do proxecto están en aumento día a día. O seguinte paso a realizar sobre o que xa está todo preparado, será a configuración das aplicacións dun xeito centralizado e único (multisites) para minimizar as labores de mantemento e reducir as posibilidades de fallos. Aínda a maioría dos centros está empezando a descubrir as posibilidades que ofrece sobretudo a plataforma Moodle para a organización do material curricular.



## Persoal implicado no desenvolvemento

O persoal implicado directamente no desenvolvemento do proxecto Webs dinámicas é o seguinte:

Coordinación do proxecto:

- 1 Asesor de Sistemas Informáticos (Xosé Luis Barreiro).
- 1 Asesor SIEGA (zona Noia: Pablo Nimo).

Soporte técnico:

- 1 Asesor de Sistemas Informáticos (Enrique Mourón).

Difusión, asesoramento e formación a centros:

- 20 Asesores SIEGA de zona.

Participantes potenciais nos centros educativos:

- 22.153 Profesores
- 170.152 Alumnos

*(Estos datos potenciais son o sumatorio de profesores con destino e alumnos matriculados nos centros que participan no proxecto. A fonte dos datos é a Base de Datos de Persoal).*

## Protocolo de solicitude-incorporación

Hai que facer fincapé, unha vez máis, en que ata a data actual non se realizou ningún tipo de comunicación de difusión do proxecto, agás as intervencións directas dos asesores durante as súas intervencións en actividades de asesoramento ou formativas.

A referencia para a solicitude de participación e incorporación ó proxecto que os centros teñen son os propios Asesores de zona (Siega) e a información dispoñible na páxina web do proxecto:

- <http://centros.edu.xunta.es/websdinamicas/>

Nesta web está a disposición dos visitantes o seguinte texto indicando o protocolo de solicitude:

### **"Protocolo para realizar a solicitude deste proxecto Webs dinámicas."**

*A Consellería de Educación e O.U. está ofrecendo aos centros educativos públicos a participación nun proxecto denominado "Webs dinámicas" que basicamente consiste na instalación e configuración de tres ferramentas web que son:*

- **Drupal**, como xestor de contidos: web do centro.
- **Moodle**, como aula virtual.
- **Coppermine**, como galería de imaxes.

*Estes servizos están destinados ó centro podendo facer uso dos mesmos toda a comunidade escolar según determine a dirección do mesmo. Todas estas ferramentas están basadas na tecnoloxía da web2.0 polo que para poder uso das mesmas tan só é necesario dispoñer de conexión a Internet e un navegador (Internet Explorer, Mozilla Firefox,...)*

*A instalación e configuración destas ferramentas, así como as seguintes actualizacións, parches de seguridade, novos temas, novos módulos, etc. corren a cargo do proxecto, buscando unha uniformidade dos compoñentes*

*instalados aos centros participates.*

*Un asesor da Consellería de Educación pasará polo centro unha vez que estén instaladas estas ferramentas para as primeiras explicacións sobre o seu uso. Para solicitar estes servizos a dirección do centro debera remitir a súa solicitude ó enderezo [websdinamicas@edu.xunta.es](mailto:websdinamicas@edu.xunta.es), con copia á [uac@edu.xunta.es](mailto:uac@edu.xunta.es), desde a conta de correo electrónico do centro, indicando que "Desexan participar no proxecto Webs dinámicas".*

*Unha vez solicitado recibirían no correo electrónico do centro as oportunas indicacións.*

*Atentamente.*

*Webs Dinámicas."*


## Centros participantes

O número actual de centros participantes no proxecto é de **653**. O listado completo dos centros participantes pode verse no seguinte enderezo web:

<http://centros.edu.xunta.es/websdinamicas/?q=node/434>

Se facemos unha clasificación por **tipo de centro** podemos ver o seguinte resultado:


- **AH** (Aulas hospitalarias) = **1**
- **CDAN** (Centro de danza) = **1**
- **CEE** (Centro de Educación Especial) = **5**
- **CEIP** (Centro de Educación Infantil e Primaria) = **312**
- **CEP** (Centro de Educación Primaria) = **13**
- **CFR** (Centro de Formación de Profesorado) = **5**
- **CIFP** (Centro Integrado de Formación Profesional) = **8**
- **CMUS** (Conservatorio de Música) = **1**
- **CPI** (Centro Público Integrado) = **47**
- **CRA** (Centro Rural Agrupado) = **20**
- **E.ART** (Escola de Arte) = **3**
- **EEI** (Escola de Educación Infantil) = **19**
- **EOI** (Escola Oficial de Idiomas) = **6**
- **EPAPU** (Educación Permanente de Adultos Pública) = **4**
- **IES** (Instituto de Educación Secundaria) = **207**
- **Outras** (Inforensino Lugo) = **1**






Se facemos un agrupamento por **provincias** obtemos o seguinte resultado:

- A Coruña = **259**
- Lugo = **89**
- Ourense = **83**
- Pontevedra = **222**



E facendo un agrupamento por **asesoría** teremos o seguinte agrupamento:

- A Coruña = **34**
- A Estrada = **39**
- A Pobra do C. = **31**
- Betanzos = **28**
- Burela = **24**
- Cangas = **53**
- Carballo = **33**
- Cee = **19**
- Lugo = **28**
- Melide = **18**
- Monforte = **24**
- Noia = **29**
- O Barco de V. = **13**
- O Carballiño = **50**
- Ortigueira = **20**
- Pontearreas = **57**
- Pontedeume = **43**
- Tui = **53**
- Verín = **23**
- Vilagarcía = **34**



## Actividade formativa

Para o correcto aproveitamento por parte dos centros educativos das potencialidades que ofrecen estas ferramentas, tanto dende o punto de vista de apertura do centro á comunidade (Portal Colaborativo Web) como para o seu aproveitamento como ferramenta educativa nos procesos de Ensino e Aprendizaxe (Aula Virtual) é fundamental que a actividade formativa sexa acorde co proxecto.

Por tratarse dunha personalización das ferramentas para que tanto o funcionamento no entorno propio (Consellería de Educación e O.U.) como as funcionalidades buscadas sexan as axeitadas (módulos empregados, estratexias de publicación e permisos para administradores, profesores, alumnado e familias) debe de estar coordinada por un proxecto específico de formación para o proxecto.

Este proxecto marco de formación para o proxecto Webs Dinámicas deberá ser desenvolvido polos asesores da Subdirección Xeral de Sistemas Informáticos xa que é aquí onde se coñece o alcance de cada unha das aplicacións.

Unha vez deseñado o proxecto marco de formación en Webs Dinámicas, este deberá contemplar a formación de dous perfíles ben diferenciados:

- Administradores das aplicacións nos centros e
- Usuarios das aplicacións.

Unha vez fixados estes contornos de traballo, xa se estará en condicións de realizar as diferentes modalidades de formación que se estimen oportunas tendo en conta as características de cada centro, así como ás do colectivo destinatario da formación. As persoas formadoras que poñan en marcha estas actividades formativas deberán seguir como referencia o proxecto marco elaborado.

Outras actividades complementarias de formación que xa están en marcha son as seguintes:

- **Documentación sobre o proxecto:**
  - Aplicacións empregadas así como os módulos e configuracións.
  - Estratexias de configuración dos espazos.
  - Xestión de usuarios e permisos.
  - Publicación dos contidos e recursos.
- **Manuais de autoformación (Aula Virtual):**
  - Drupal usuarios (Web do centro) - *En proceso*
  - Drupal administradores (Web do centro) - *En proceso*
  - Moodle Usuarios (Aula Virtual) - *Pendente*
  - Moodle Administradores (Aula Virtual) - *Pendente*
  - Coppermine usuarios (Galería de imaxes e vídeos) - *Pendente*
  - Coppermine adminsitadores (Galería de imaxes e vídeos) - *Pendente*
- **Foros:**
  - Drupal (Web do centro)
  - Moodle (Aula Virtual)
  - Coppermine (Galería de imaxes e vídeos)

Estas estratexias de formación/información están dispoñibles para os centros participantes no proxecto na páxina Web do mesmo (<http://centros.edu.xunta.es/websdinamicas>). No momento en que un centro se incorpora ao proxecto actívaselle unha conta en dito portal para que poida acceder ós materiais, ós cursos e ós foros.

Aparte desta formación/información documental telemática tamén se conta actualmente cunha formación no propio centro participante levada a cabo en tres sesións iniciais impartidas polo asesor de zona (asesor Siega) correspondente. Estas tres sesións en todos os casos son insuficientes xa que normalmente son empregadas para unha das tres aplicacións. Estas sesións informativas non levan consigo ningún tipo de recoñecemento nin para os asistentes nin para os asesores que as imparten.

# Resolución de incidencias

- **Situación anterior:**

A ampla acollida do Proxecto por parte dos Centros Educativos galegos xenerou un amplo número de incidencias. Estas incidencias poderíanse dividir en dous apartados: técnicas e de aproveitamento do proxecto. Atopar o equilibrio entre o tempo adicado á innovación e á solución de técnica de pequenas incidencias non foi nada sinxelo.

Por un lado a Innovación Educativa no Proxecto é fundamental polo momento que nos toca vivir, a constante evolución das tecnoloxías Web 2.0. Pero en ningún momento se podía deixar de lado a resolución de cuestións máis técnicas xa que son a base para que a innovación se produza.

Operativamente, as incidencias resólvense a través dos foros no Portal do Proxecto (<http://centros.edu.xunta.es/websdinamicas>), outras que están máis relacionadas con situacións concretas de centros envíanse a través do correo electrónico [webdinamicas@edu.xunta.es](mailto:webdinamicas@edu.xunta.es). Unha terceira vía e empregar o envío de notificacións a través do portal de Webs dinámicas (feedback) onde calquera usuario pode deixar a súa pregunta ou suxerencia sen que quede reflexada publicamente nos foros ou teña que ter acceso á unha conta de correo electrónico determinada.

- **Situación actual:**

Actualmente atopámonos nun Proceso de Migración a Multisite, é por iso polo que temporalmente non realizamos altas nas instalacións dos centros. Estamos a centrar os esforzos na propia migración xa que esta suporá un cambio sustancial na resolución de incidencias.

- **Situación futura:**

A migración a multisite suporá unha redución de máis do 80% das incidencias en relación a problemas puntuais nas instalacións dos centros. Estas viñan ocupando gran parte do tempo das persoas que se adican ó proxecto.

En consecuencia do anterior, poderase dar un pulo importante á Innovación Educativa no campo das TIC, estudiando novas funcionalidades que ofrecen aplicacións tan potentes como as instaladas. Esta innovación, e nunha parte moi importante, farase realidade a través dunha transformación dinámica do propio Portal do Proxecto. A intención é facer do portal un lugar de referencia para os centros no uso das aplicacións. Expoñendo casos de éxito dos propios centros, así como fomentando o uso colaborativo do mesmo.

Este apartado de innovación ten especial importancia ademáis polo propio crecemento exponencial que están experimentando os módulos adicionais desenvolvidos pola comunidade para estas plataformas. Cada vez resulta máis difícil poder facerlle un seguimento a este crecemento e todos estes módulos adicionais poden ampliar as potencialidades de uso das aplicacións nos centros educativos.

# Necesidades futuras

## Necesidades técnicas:

- Migración das aplicacións a entorno multisite.
- Servidor dedicado ao proxecto con capacidade de crecemento.

## Necesidades persoais:

- Persoal para mantemento do portal do proxecto e dinamización e atención ós foros. As súas funcións básicas serían:
  - Comunicación contínua sobre as melloras e aproveitamento das potencialidades do proxecto á comunidade educativa.
  - Organización dunhas xornadas e foros onde se compartan de xeito real experiencias de éxito.
  - Seguemento e participación de estratexias semellantes a nivel nacional.
- Persoal para deseñar e coordinar a formación do profesorado no proxecto. As súas funcións básicas serían:
  - Deseño e creación do plan marco.
  - Deseño dos itinerarios e roteiros formativos no proxecto.
  - Creación e mantemento do material informativo e formativo adecuado e actualizado ao proxecto.
  - Encargado da actualización e formación dos propios asesores de zona (asesores SIEGA).

## **Reflexi3ns finais.**

Aparte dos puntos e necesidades comentadas anteriormente tam3n se cree necesario que desde a Conseller3a de Educaci3n un organismo con capacidade de acci3n e decisi3n tanto vertical como transversal para englobar todas as directrices de uso das novas tecnolox3as nos seus diversos campos. As3 3 necesario que un organismo ou departamento coordine e xestione as acci3ns formativas, innovadoras, dotaci3ns, instalaci3ns que te3a a capacidade e a autoridade para chegar desde qu3 hardware e software se debe empregar e enviar ao centros ata como te3en que ser empregados. Actualmente hai moitos temas e acci3ns que ou non est3n claras ou non se atopa o referente necesario para poder ser tratado. As3 os nosos asesores at3panse con que cada centro vai satisfacendo as s3as necesidades en funci3n de con quen fale ou das tendencias individuais das persoas/asesores consultados. No tema concreto que se trata neste documento, dos espazos web dos centros educativos, podemos atoparnos desde centros que te3en aloxadas no servidor da Conseller3a outros xestores de p3xinas din3micas por desco3ncemento nalg3ns casos, do proxecto da Conseller3a de Educaci3n, ou noutros casos por decisi3n persoal da persoa que se encarga desta tarefa no centro. Noutros casos os centros publican os seus contidos de centros en servidores externos contratados polo propio profesorado, na maior3a de uso grat3ito como 3 o caso dos blogs. Noutros casos o centro educativo chega a contratar un servizo de hosting con aloxamento e dominio propio. Todas estas situaci3ns son, como mencionamos, probocadas pola falta dun referente 3nico que organice e defina todas estas estratexias e outras relacionadas coas TIC e o uso de Internet por parte tanto da Administraci3n como dos docentes e alumnado.

Maio de 2009

Contacto: [websdinamicas@edu.xunta.es](mailto:websdinamicas@edu.xunta.es)